



## Un plan para resucitar

---

Papa Francisco<sup>1</sup>

«De súpeto, Xesús saíu ao seu encontro e saudounas, dicindo: ‘Alegrádevos’ (Mt 28, 9). É a primeira palabra do Resucitado despois de que María Magdalena e a outra María descubrisen o sartego baleiro e topasen co anxo. O Señor sae ao seu encontro para transformar o seu doo en alegría e consolalas no medio da aflicción (cfr. Xr 31, 13). É o Resucitado que quere resucitar a unha vida nova as mulleres e, con elas, a humanidade enteira. Quere facernos empezar xa a participar da condición de resucitados que nos espera.

Convidar á alegría podería parecer unha provocación e, mesmo, unha broma de mal gusto ante as graves consecuencias que estamos a sufrir pola COVID-19. Non son poucos os que poderían consideralo, igual ca os discípulos de Emaús, como un xesto de ignorancia ou de irresponsabilidade (cfr. Lc 24, 17-19). Como as primeiras discípulas que ían ao sepulcro, vivimos rodeados por unha atmosfera de dor e incerteza que nos fai preguntar: «Quen nos correrá a pedra do sepulcro?» (Mc 16, 3). Como faremos para levar adiante esta situación que nos excede completamente? O impacto de todo o que sucede, as graves consecuencias que xa se reportan e albiscan, a dor e mais o loito polos nosos seres queridos desoríentannos, aflíxennos e parálzannos. É o peso da pedra do sartego que se impón ante o futuro e que ameaza, co seu realismo, sepultar toda esperanza. É o peso da angustia de persoas vulnerábeis e anciás que atravesan a corentena na máis absoluta soidade, é o peso das familias que non saben xa como achegar un prato de

---

<sup>1</sup> Agradecemos á revista *Vida Nueva* que nos permita traducir ao galego e publicar esta colaboración do Papa Francisco incluída na súa de abril 2020.

comida ás súas mesas, é o peso do persoal sanitario e servidores públicos ao sentírense exhaustos e desbordados... ese peso que parece ter a derradeira palabra.

Con todo, resulta conmovedor salientar a actitude das mulleres do Evanxeo. Fronte ás dúbidas, o sufrimento, a perplexidade ante a situación e mesmo o medo á persecución e a todo o que lles podería pasar, foron quen de poñérense en movemento e non se deixaren paralizar polo que estaba a acontecer. Por amor ao Mestre, e con ese típico, insubstituíble e bendito xenio feminino, foron capaces de asumir a vida como viña, sortear con astucia os obstáculos para estar preto do seu Señor. De xeito diferente a moitos dos Apóstolos, que fuxiron presos do medo e a inseguridade, que negaron o Señor e escaparon (cfr. Xn 18, 25-27), elas, sen se evadiren nin ignoraren o que sucedía, sen fuxiren nin escaparen..., souberon simplemente estar e acompañar. Como as primeiras discípulas, que, no medio da escuridade e o desconsolo, cargaron as súas bolsas con perfumes e puxéronse en camiño para unxiren o Mestre sepulto (cfr. Mc 16, 1), nós puidemos, neste tempo, ver a moitos que procuraron achegar a unción da corresponsabilidade para coidaren e non poñeren en risco a vida dos demais. De xeito diferente aos que fuxiron coa ilusión de se salvaren a si mesmos, fomos testemuñas de como veciños e familiares se puxeron en marcha con esforzo e sacrificio para permanecer nas súas casas e así frearen a difusión. Puidemos descubrir como moitas persoas que xa vivían e tiñan que sufrir a pandemia da exclusión e a indiferenza, seguiron esforzándose, acompañándose e sosténdose para que esta situación sexa (ou ben, fose) menos dolorosa. Vimos a unción vertida por médicos, enfermeiros e enfermeiras, reparadores de góndolas, limpadores, coidadores, transportistas, forzas de seguridade, voluntarios, sacerdotes, relixiosas, avós e educadores e tantos outros que se animaron a entregar todo o que posuían para achegaren unha pouca cura, calma e alma á situación. E, aínda que a pregunta seguía sendo a mesma: «Quen nos correrá a pedra do sepulcro?» (Mc 16, 3), todos eles non deixaron de facer o que sentían que podían e tiñan que dar.

E foi precisamente aí, no medio das súas ocupacións e preocupacións, onde as discípulas foron sorprendidas por un anuncio

desbordante: «Non está aquí, resucitou». A súa unción non era unha unción para a morte, senón para a vida. O seu velar e acompañar ao Señor, mesmo na morte e na maior desesperanza, non era va, senón que lles permitiu seren unxidas pola Resurrección: non estaban soas, El estaba vivo e precedíaa no seu camiñar. Só unha noticia desbordante era capaz de romper o círculo que lles impedía ver que a pedra xa fora corrida, e o perfume derramado tiña maior capacidade de expansión do que aquilo que as ameazaba. Esta é a fonte da nosa alegría e esperanza, que transforma o noso actuar: as nosas uncións, entregas... o noso velar e acompañar en todas as formas posíbeis neste tempo, non son nin serán en balde; non son entregas para a morte. Cada vez que tomamos parte da Paixón do Señor, cada vez que acompañamos a paixón dos nosos irmáns, vivindo mesmamente a propia paixón, os nosos oídos escoitarán a novidade da Resurrección: non estamos sos, o Señor precédenos no noso camiñar removendo as pedras que nos paralizan. Esta boa noticia fixo que esas mulleres volvesen sobre os seus pasos para buscaren os Apóstolos e os discípulos que permanecían escondidos, para contarlles: «A vida arrincada, destruída, aniquilada na cruz espertou e volve latexar de novo»<sup>2</sup>. Esta é a nosa esperanza, a que non nos poderá ser roubada, silenciada ou contaminada. Toda a vida de servizo e amor que entregastes neste tempo, volverá latexar de novo. Abonda con abriremos unha fenda para que a Unción que o Señor nos quere regalar, expándase cunha forza imparabile e permítanos enxergar a realidade doente cunha ollada renovadora.

E, coma as mulleres do Evanxeo, tamén nós somos convidados unha e outra vez a volvermos sobre os nosos pasos e a nos deixarmos transformar por este anuncio: o Señor, coa súa novidade, pode sempre renovar a nosa vida e a da nosa comunidade (cfr. *Evangeliū gaudium*, 11). Nesta terra abatida, o Señor empéñase en rexenerar a beleza e facer renacer a esperanza: «Mirade que realizo algo novo, xa está a agromar, non o notades?» (Is 43, 18b). Deus xamais abandona o seu pobo, está sempre a carón del, especialmente cando a dor se fai máis presente.

2 R. GUARDINI, *El Señor*, 504.

Se algo puidemos aprender en todo este tempo, é que ninguén se salva só. As fronteiras caen, os muros derrúbanse e todos os discursos integristas disólvense ante unha presenza case imperceptible que manifesta a fragilidade da que estamos feitos. A Pascua convócanos e convidanos a facermos memoria desoutra presenza discreta e respectuosa, xenerosa e reconciliadora, capaz de non romper a cana crebada nin apagar a mecha que arde debilmente (cfr. Is 42, 2-3) para facer latexar a vida nova que nos quere regalar a todos. É o sopro do Espírito que abre horizontes, esperta a creatividade e renóvanos en fraternidade para dicir presente (ou ben, aquí estou) ante a enorme e inadiable tarefa que nos espera. Urxe discernir e atopar o pulso do Espírito para impulsar xunto a outros as dinámicas que poidan testemuñar e canalizar a vida nova que o Señor quere xerar neste momento concreto da historia. Este é o tempo favorable do Señor, que nos pide non conformarnos nin contentarnos e menos xustificarnos con lóxicas substitutivas ou paliativas que impiden asumir o impacto e as graves consecuencias do que estamos a vivir. Este é o tempo propicio de animármonos a unha nova imaxinación do posible co realismo que só o Evanxeo nos pode proporcionar. O Espírito, que non se deixa choer nin instrumentalizar con esquemas, modalidades ou estruturas fixas ou caducas, proponnos sumámonos ao seu movemento capaz de «facer novas todas as cousas» (Ap 21, 5).

Neste tempo démonos conta da importancia de «unir toda a familia humana na procura dun desenvolvemento sustentable e integral»<sup>3</sup>. Cada acción individual non é unha acción illada, para ben ou para mal, ten consecuencias para os demais, porque todo está conectado na nosa Casa común; e se as autoridades sanitarias ordenan o confinamento nos fogares, é o pobo quen o fai posible, consciente da súa corresponsabilidade para frear a pandemia. «Unha emerxencia coma a da COVID-19 é derrotada en primeiro lugar cos anticorpos da solidariedade»<sup>4</sup>. Lección que romperá todo o fatalismo no que nos mergulláramos, e permitirá volvérmonos

3 Carta enc. *Laudato si'* (24 maio 2015), 13.

4 PONTIFICIA ACADEMIA PARA A VIDA. *Pandemia e fraternidade universal. Nota sobre a emerxencia COVID-19* (30 marzo 2020), p. 4.

sentir artifices e protagonistas dunha historia común e, así, responder mancomunadamente a tantos males que afectan a millóns de irmáns ao redor do mundo. Non podemos permitirnosa escribir a historia presente e futura de costas ao sufrimento de tantos. É o Señor quen nos volverá preguntar «onde está o teu irmán?» (Gn 4, 9) e, na nosa capacidade de resposta, oxalá se revele a alma dos nosos pobos, ese depósito de esperanza, fe e caridade na que fomos xerados e que, durante tanto tempo, tiñamos anestesiado ou silenciado.

Se actuamos como un só pobo, mesmo ante as outras epidemias que nos teñen á espreita, podemos lograr un impacto real. Seremos capaces de actuar responsabelmente fronte á fame que padecen tantos, sabendo que hai alimentos para todos? Seguiremos mirando para outro lado cun silencio cómplice ante esas guerras alimentadas por desexos de dominio e de poder? Estaremos dispostos a cambiar os estilos de vida que mergullan a tantos na pobreza, promovendo e animándonos a levar unha vida máis austera e humana que posibilite unha repartición equitativa dos recursos? Adoptaremos como comunidade internacional as medidas necesarias para frear a devastación do medio ambiente ou seguiremos negando a evidencia? A globalización da indiferenza seguirá ameazando e tentando o noso camiñar... Oxalá nos atope cos anticorpos necesarios da xustiza, a caridade e a solidariedade. Non teñamos medo a vivir a alternativa da civilización do amor, que é «unha civilización da esperanza: contra a angustia e o medo, a tristeza e o desalento, a pasividade e o cansazo. A civilización do amor constrúese de cote, arreo. Supón o esforzo comprometido de todos. Supón, por iso, unha comprometida comunidade de irmáns»<sup>5</sup>.

Neste tempo de tribulación e loito, é o meu desexo que, alí onde esteas, poidas facer a experiencia de Xesús, que sae ao teu encontro, saúdate e diche: «Alégrate» (Mt 28, 9). E que sexa ese saúdo o que nos mobilice a convocar e amplificar a boa nova do Reino de Deus.

**Papa Francisco**

Traduciu: Xesús Portas Ferro

5 EDUARDO PIRONIO, *Diálogo con laicos*, Buenos Aires, 1986.